


REPSOL
YPF



XVI. CONCURSO DE RELATOS CORTOS

REPSOL - YPF

Primeiro Premio en Versión Galega

Título: "CARTA A UN MORTO"

Autora: MARÍA DEL ROCÍO ALONSO CAÑADAS.

Centro: I.E.S. de TEIS (VIGO)

AÑO 2.003

¿Algunha vez tiveches a sensación de que aínda que quixeses non poderías erguerte da cama? Pois así me sinto agora, aquí, deitada enriba deste chan húmido e fedorento por máis que o intento non podo mover un só músculo do corpo, sinto coma se todo se volvese negro, coma se a miña alma, paxaro escuro, me abandonase. De seguro que a morte é algo semellante a isto, xa ves á fin os dous estamos mortos.

Sei que ninguén me vai axudar e que non serve de nada que che conte nada disto, mesmo parece que estou intentando que te sintas culpable, pero non é así asegúrocho, só quero que saibas que estou a pagar os xuros de todo o que che fixen. Supoño que xa estarás ben sabido, eu polo menos estaríaio, ademais penso que tampouco terás nada mellor que facer que mirar o que lle acontece á persoa que te matou.

Hai xa un ano que aconteceu todo, nembargantes a min paréceme que foi hai dez minutos, algunhas veces ata esquezo que estás morto e espero, ollando pola ventá, a que veñas sacarme de aquí, sei que parecera unha ironía pero bótote de menos, cada día máis e podo dicirche sen ningunha dúbida que me gustaría moito que estiveses vivo, estar xuntos... Nembargantes, a pesar da nostalxia e de botarte de menos, non me arrepiño do que fixen aquel chuvioso 14 de outubro.

Sei que me contradigo, sempre o fixen, ti ben o sabes. Non sei cal é a razón, pero sinto que fixen o correcto, coma se tivese escrito que eu acabaría coa túa vida. Ó mellor a morte a perde-lo norte, ou se cadra teñen razón todos eses estúpidos médicos ó chamarme psicópata, ¿quen o sabe? A mente humana éche ben enrevesada, está chea de encrucilladas que se cortan a súa vez con máis encrucilladas ata chegar a un punto no que xa non recordas por cal viñeches, atópaste entón totalmente

perdido, sen saber sequer quen es ou se realmente existes.

Aquí, no cárcere, só vivo dos recordos de cando estabamos xuntos, cando eramos pequenos alá na aldea. Ti o meu carón, seguíndome, coidando de min, aturando as miñas loucuras. Só agora, cando teño tanto tempo para pensar, decátome do papel tan importante que xogaches na miña vida, e de tódalas cousas que fixeches por min na de veces que me salvaches de caír...

Só ti eras quen de manexar en certa maneira ó demo que se revolvía dentro de min, conseguías manterme viva, facíasme rir e ás veces ata chorar, pero o máis importante é que nunca me deixaches soa, nunca.

Cando miro cara atrás, no pasado, caio na conta de que ti estás en cada secuencia dos meus recordos, coma se fóse-lo protagonista dunha película.

Vexo con claridade, coma se estivese alí agora mesmo, o fume a saír polas chemineas, por riba dos vellos tellados das casiñas da aldea, é inverno, sempre é inverno na miña memoria, sabes que é o meu tempo favorito. ¿Acórdaste dos nosos longos paseos baixo a chuvia? ¿E de cando corriamos polas veigas de centeo fuxindo dos veciños e dos nosos pais? Cántas veces nos agochamos no monte, á beira do noso carballo, os dous xuntos, en silencio, felices durante horas e horas, ollando o horizonte... Son tantos os bos momentos que pasei contigo que, ás veces, xúntanseme todos formando unha imaxe borrosa sen forma que me oprime o peito ata que as bágoas saen, esvarándome, baixo as pálpebras.

Nunca gostei de recorrer ó refraneiro popular pero supoño que é certo ese de que non sabemos o que temos ata que o perdemos. Eu perdinte, da peor maneira posible, perdín o único apoio que me sostiña de pé, agora

xa non teño nada agás os recordos, doces recordos que me acompañarán ata o día que nos volvamos ver.

Aínda trato de comprender a túa actitude, resignada e a vez tan submisa...

¿Porque nunca me dixeches non? ¿Porque deixaches que che fixese tanto dano?

¿Porque intentaches salvarme dun destino que levaba escrito nos ollos, que me latexaba no sangue e que me conduciu a matarte, xustamente a ti, a única persoa que me quería de verdade, que sempre me axudou sen pedirme nunca nada a cambio. Só no intre que vin como o teu sangue quente esvaraba pola miña man puiden decatarme de que ti o sabías, sabías que eu te conduciría polo angosto camiño da morte, sabías que non era posible axudarme, e aínda así non me abandonaches. Se cadra non o dou entendido porque eu nunca fun quen de pensar en ninguén que non fose eu mesma. Era, e ó mellor aínda son, totalmente egocéntrica e egoísta, por iso non me cabe na cabeza esa maldita abnegación túa, sempre tan condescendente. Incluso no momento que o coitelo entrou na túa carne non intentaches defenderte, soamente mirabas para min, desculpándome cos ollos, aceptando a túa morte con doce resignación, eses ollos profundos e brillantes que choraban, choraban por min.

Agora son os meus, baleiros e crueis, os que choran porque son unha covarde, porque nin sequera teño valor de apertar o maldito coitelo sobre as veas e acabar con todo.